

1. INTRODUCCIÓN Á XUSTIFICACIÓN

Toda a documentación xustificativa da realización das actuacións deberá presentarse electronicamente, responsabilizándose a persoa interesada na veracidade dos documentos que presenten. No caso de presentación presencial dun documento, deberá emendalo a través da súa presentación electrónica sendo a data de presentación a da presentación electrónica.

Nestes caso deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente si dispón del.

Os código do órgano responsable é o da Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social:
A12X01317

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación relativa a este procedemento de xustificación estará dispoñible na páxina web da Consellería de Política Social, desde este enlace ao portal de Benestar:

http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/web/portal/axudas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_content=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FAxudas%2Faxuda_0067.html&category=Tema/Inclusion/&activo2=so p0

Período subvencionable e prazos para a xustificación

Prazos			Período subvencionable		
Primeira xustificación	Segunda xustificación	Terceira xustificación	1º período	2º período	3º período
5 de decembro 2018	5 de decembro de 2019	15 de xullo de 2020	1 de xullo do 2018 e o 30 de novembro de 2018	1 de decembro de 2018 e o 30 de novembro de 2019	1 de decembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020

2. ACTUACIÓNS SINGULARIZADAS QUE CONSTITÚAN A TOTALIDADE OU PARTE DUN PROXECTO DE CARÁCTER INNOVADOR E/OU COMPLEMENTARIO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS - ARTIGO 4.1.b)1º-

Inclúense neste tipo os seguintes servizos coa seguinte desagregación por programas -artigo 4.1.b)1º-:

Servizos de atención ás necesidades básicas:

- Servizo da cobertura de necesidade de alimento.
- Servizo de provisión de recursos básicos (hixiene, roupeiro, lavandaría, apoio material, ...).
- Servizo de atención de rúa e/ou servizo de atención urxente.

Servizos de prevención e primeira atención:

- Programas de valoración, orientación e información dirixido a identificar situacións de risco e factores de vulnerabilidade, así como a informar sobre os recursos e prestacións do Sistema galego de Servizos Sociais.

Documentación para solicitar a subvención

- Anexo I
- Anexo II

- Anexo IV

Xustificación das subvencións

Pagamentos á conta da liquidación definitiva do artigo 20

Á solicitude da entidade poderanse realizar pagamentos á conta da liquidación definitiva, en función das accións realizadas, cuxo importe total non poderá superar o 80% da subvención concedida en cada anualidade.

Para tal fin establécense os períodos nos que se poden solicitar: dous pagamentos á conta desde o 01/12/2018 ata o 30/11/2019 e un desde o 01/12/2019 ata o 30/06/2020.

Documentación necesaria para a xustificación (artigo 18.4):

- Solicitude de pagamento. **Anexo VI.**
- Declaración responsable no **anexo VII.**
- Memoria económica xustificativa e declaración de gastos reais correspondente ao período que se pretenda xustificar no **anexo VIII.**
- Relación codificada de persoas usuarias á que se xuntará certificación acreditativa de que os datos que contén a dita listaxe se corresponden cos datos recollidos nos rexistros ou fichas en soporte papel do centro da entidade salvo que se trate de actuacións informativas que se desenvolvan en centros educativos, suposto no que será suficiente presentar unha certificación expedida pola persoa responsable do centro, onde conste o número de persoas asistentes.

*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (necesidades básicas) –
anualidade* 2018

http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_NECESIDADES_BASICAS_01-07-2018_AO_30-11-2018.xls

*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (informativas) –anualidade
2018*

http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_INFORMATIVAS_01-07-2018_AO_30-11-2018.xls



*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (necesidades básicas) –
anualidade 2019*

[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE CODIFICADA ACT TIPO 4.1.b-1o NECESIDADES BASICAS 01-12-2018 AO 30-11-2019.xls](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_NECESIDADES_BASICAS_01-12-2018_AO_30-11-2019.xls)

*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (informativas) –anualidade
2019*

[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE CODIFICADA ACT TIPO 4.1.b-1o INFORMATIVAS 01-12-2018 AO 30-11-2019.xls](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_INFORMATIVAS_01-12-2018_AO_30-11-2019.xls)

*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (necesidades básicas) –
anualidade* 2020

[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE CODIFICADA ACT TIPO 4.1.b-1o NECESIDADES BASICAS 01-12-2019 AO 30-06-2020.xls](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_NECESIDADES_BASICAS_01-12-2019_AO_30-06-2020.xls)

*Modelo de listaxe codificada para actuacións do tipo 4.1.b)1º (informativas) –anualidade
2020*

[http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE CODIFICADA ACT TIPO 4.1.b-1o INFORMATIVAS 01-12-2019 AO 30-06-2020.xls](http://edicionpoliticassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Axudas/LISTAXE_CODIFICADA_ACT_TIPO_4.1.b-1o_INFORMATIVAS_01-12-2019_AO_30-06-2020.xls)

Xustificación de cada anualidade

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente:

- O primeiro período comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xullo do 2018 e o 30 de novembro de 2018 ambos incluídos e a xustificación presentarase con data límite 5 de decembro.
- O segundo período comprende as actuacións realizadas entre o 1 de decembro de 2018 e o 30 de novembro de 2019, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite 5 de decembro de 2019.
- O terceiro período comprende as actuacións desde o 1 de decembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020 ambos incluídos , e a xustificación presentarse con data límite de 15 de xullo de 2020.

A mesma documentación que a requirida para a xustificación dos pagamentos á conta da liquidación definitiva. Na anualidade na que rematen as actuacións subvencionadas presentarán ademais unha memoria segundo o guiión establecido no anexo IX.